

ACTA NÚM. 8/2019.**ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE BRIÓN, CELEBRADA O DÍA 15 DE XUÑO DE 2019.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 12,00 horas do día 15 de xuño de 2019, para dar cumprimento ao disposto polos artigos 195 e 196 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de réxime electoral xeral (en adiante LOREG), e artigos 36 e 37 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (en adiante ROF), referentes á constitución das corporacións locais e á elección de alcalde, reuníronse, en sesión pública, os/as señores/as concelleiros/as electos nas eleccións locais celebradas o día 26 de maio de 2019, que son os seguintes segundo a acta de proclamación de concelleiros electos formalizada pola Xunta Electoral de Zona de Santiago de Compostela, de data 31 de maio de 2019:

-. **PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE:** JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, PABLO LAGO SANMARTÍN, MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA, CARLOS NOYA PEREIRA, MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ, JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS, YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN, e SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.

-. **PARTIDO POPULAR:** MARÍA FARIÑA BELLÓN, WALDO CARBALLO GARCÍA e NATALIA FARIÑA GARCÍA.

-. **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO:** FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA e XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.

Os/as concelleiros/as están asistidos polo secretario do Concello JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, quen fai constar que foi cumprimentado o requisito que preceptúa o art. 7 do ROF.

Finalmente se sinala que en cumprimento do preceptuado no art. 36 do ROF, levouse a cabo un arqueo extraordinario con referencia á última hora da mañá do día 31 de maio de 2019, que no seu caso estaría pendente de conciliación no suposto de que algunha entidade bancaria realizase algunha anotación posterior, preparado e actualizado cos xustificantes das existencias, depositados na caixa municipal ou entidades bancarias, que reflicte a seguinte situación:

- Caixa Corporación. Existencias en metálico: 1.441,62 euros.

- Saldos totais en Bancos: 5.228.889,66 euros.

- Total Tesourería existencias en metálico: 5.230.331,28 euros; que se pon a súa disposición xunto coa documentación relativa aos bens do patrimonio da Corporación, que ofrece o seguinte detalle segundo a última rectificación do Inventario aprobada polo Pleno con data 29.04.2019 referida ao 31.12.2018:

- Inventario a 31.12.2018: 37.404.833,97 €.

-. FORMACIÓN DA MESA DE IDADE, XURAMENTO OU PROMESA, CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN E PROCLAMACIÓN DE CANDIDATOS PARA A ELECCIÓN DE ALCALDE.

Seguidamente procedeuse a formar a Mesa de Idade, integrada polo concelleiro electo de maior idade, de entre os asistentes JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA que pasa a presidila, e polo de menor idade, tamén de entre os asistentes NATALIA FARIÑA GARCÍA, e actuando como secretario da mesma o secretario do Concello.

Logo de constituída a Mesa de Idade, pola mesma se procede a comprobar as credenciais presentadas ou acreditacións da personalidade dos electos, con base á certificación recibida da Xunta Electoral de Zona de Santiago de Compostela e, comprobado que se cumpre a esixencia determinada polos artigos 195.4 da LOREG e 37.4 do ROF, pola Mesa declárase constituída a corporación, previo cumprimento do requisito legal de prestar xuramento ou promesa de cada un dos concelleiros/as asistentes, segundo dispón o art. 108 da LOREG, baixo a fórmula que establece o Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, procedéndose a prestar persoalmente por todos os/as concelleiros/as o xuramento ou promesa.

Acto seguido continuouse, de acordo co que dispón o artigo 196 da LOREG, á proclamación de candidatos para a elección de alcalde, de entre os/as concelleiros/as que encabezan as distintas listas que obtiveron representación nas pasadas eleccións locais, resultando presentados e proclamados os seguintes:

CANDIDATOS. LISTA OU CANDIDATURA NA QUE ESTÁN INTEGRADOS.

- 1) JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE.
- 2) MARÍA FARIÑA BELLÓN. PARTIDO POPULAR.
- 3) FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA. BLOQUE NACIONALISTA GALEGO.

- ELECCIÓN DE ALCALDE.

Acto seguido, de acordo co que dispón o artigo 196 da LOREG, procedeuse á elección de alcalde, iniciándose a votación para elixilo de entre os candidatos proclamados a este cargo, obténdose o seguinte resultado:

- 1) JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. Número de votos obtidos: 8.
- 2) MARÍA FARIÑA BELLÓN. Número de votos obtidos: 3.
- 3) FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA. Número de votos obtidos: 2.

Obténdose por JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA a maioría absoluta dos votos emitidos polos/as concelleiros/as é proclamado alcalde electo do Concello de Brión, segundo dispón o art. 196.b. da LOREG.

De seguido o concelleiro que resultou elixido como alcalde deste Concello José Luis García García, integrado na lista do Partido dos Socialistas de Galicia - PSOE, previa nova promesa na forma anteriormente mencionada, toma posesión do seu cargo neste mesmo acto, pasando a ocupar a Presidencia, e sinala que quero que as miñas primeiras palabras hoxe sexan para agradecer a todos os veciños e veciñas á súa participación nas eleccións do 26 de maio, tanto aos que apoiaron maioritariamente a candidatura do partido socialista coma aos que optaron por outras opcións políticas; grazas tamén aos concelleiros e concelleiras do partido socialista pola súa confianza, así como aos traballadores municipais polo seu gran traballo que fai que Brión sexa hoxe un dos concellos mellor xestionados de Galicia.

Unha vez máis e por undécima vez consecutiva os veciños e veciñas depositaron a súa confianza na formación que presido, un apoio que agradezo, e como son unha persoa de palabra, quero que saibades desde hoxe mesmo que os piares sobre os que se asentaba o noso programa electoral son desde xa os eixos do noso programa de goberno; unha política sempre do lado dos nosos veciños e veciñas, sobre todo daqueles máis necesitados, aumentando o gasto social e mantendo o investimento produtivo, facendo todo o que estea nas nosas mans para fomentar a creación de emprego.

Tamén quero tender a miña man hoxe mesmo aos concelleiros e concelleiras das demais forzas políticas; o diálogo e a colaboración, aínda que sexa desde posturas discrepantes, serán sempre os eixos que presidirán o talante deste goberno, por iso tendo a man aos grupos da oposición, estou disposto a escoitar propostas e chegar a acordos en todos os asuntos que beneficien aos nosos veciños e veciñas e agardo atopar este mesmo talante entre os grupos da oposición.



Para rematar quero reiterar o meu agradecemento á corporación saínte polo seu gran traballo realizado nos últimos catro anos; especialmente gustárame destacar o traballo feito por tres concelleiros históricos deste Concello: Carmen Rey, Xesús Quintela e José Pedro Cambón; sodes o mellor exemplo nos que podemos mirarnos os que hoxe tomamos posesión, especialmente aqueles concelleiros e concelleiras que se suman a esta tarefa por primeira vez. Estou convencido que co traballo de todos e todas conseguiremos facer un Brión aínda mellor.

Moitas grazas.

E non habendo máis asuntos que tratar deuse por rematada a sesión, levantándose a mesma cara as doce horas e quince minutos, de todo o que como secretario certifico, de orde e co visto e praxe do señor alcalde.

O alcalde

O secretario

Vº e Praxe

José Luis García García

Javier Nieves González